

---

## Un tren sairá de A Matanza para lembrar o traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro

U. L.

PADRÓN/LA VOZ. A Asociación de Escritores en Lingua Galega celebra mañá un acto cívico e reivindicativo en lembranza do traslado en 1891 do restos mortais de Rosalía de Castro dende Padrón a Santiago, así como para que se garanta o acceso público ao Panteón dos Galegos Ilustres. O acto conta co apoio e colaboración de máis de 200 entidades e colectivos, entre asociacións e fundación de todo o país. Asimes-

mo, coincide co 125 aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, que se conmemora mañá na Casa-Museo de A Matanza.

Dende este punto partirá pola tarde un tren, identificado como *Follas Novas*, para facer o traxecto Padrón-Santiago, aínda que unha hora antes haberá unha concentración no cemiterio de Adina, en Iria-Flavia no que falará o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez.

---